

Premio: VIII Premio de literatura infantil e xuvenil “Raíña Lupa”

Organismo: Deputación Provincial da Coruña

Participantes: Poderán presentarse ao premio todas as persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que non fosen premiados nas tres convocatorias anteriores e que presenten narracións, escritas en galego, adicadas ao público infantil ou xuvenil, inéditas e non premiadas con anterioridade.

Premio: O premio é único e indivisibe, e está dotado coa cantidade de 6.500 €, estando incluídos nesta cantidade todos os impostos que lle sexan aplicabeis.

A Deputación publicará a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezoito meses os dereitos da súa edición e entregará ao gañador trinta exemplares.

Requisitos das obras: As obras serán de tema e extensión libres, observando as características propias da novela adicada ó público infantil ou xuvenil, podendo contemplar a inclusión de elementos ilustrativos, gráficos, etc. As obras serán presentadas por duplicado e en exemplares separados, en tamaño DIN A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados.

As obras serán presentadas baixo un título e un lema, achegados de plica na que se fará constar o título e o lema no seu exterior, e que conteña no seu interior o nome e os apelidos do autor, o DNI, o seu domicilio, nacionalidade e o seu número de teléfono.

Prazo e lugar da presentación: O prazo de recepción das obras rematará o día 15 de abril de dous mil dez e serán enviadas á Deputación Provincial, Avda. de Alférez Provisional 2, 15006 A Coruña, indicando no sobre “VIII Premio de literatura infantil e xuvenil “Raíña Lupa”.

Publicación: BOP nº 34, 22 de febrero de 2010

Máis Información (Anexos):

http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/02/22/bop_34.pdf#page=155

Deputación da Coruña: Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña. Tfno: 981 080300